

ACTA DA XUNTA DE CENTRO ORDINARIA

CELEBRADA O DÍA 10 XULLO DE 2014

Na sala de profesores do edificio Facultades reúnense os membros da Xunta de Centro citados ao final da acta, o XOVES, día 10 de xullo de 2014, ás 9.30 horas en segunda e definitiva convocatoria, coa seguinte orde do día:

- 1. Aprobación da acta da sesión anterior.**
- 2. Informe da Presidenta.**
- 3. Aprobación das guías docentes das titulacións, do calendario, dos horarios docentes, así como das probas de avaliación para o curso 2014-15.**
- 4. Aprobación da data de celebración no Centro, da convocatoria extraordinaria de decembro e fin de carreira para as titulacións que se extinguen debendo decidir o Centro se suspenden ou non as clases.**
- 5. Aprobación dos horarios e das datas de celebración das probas de avaliación da convocatoria de fin de carreira para o grao, e acordo sobre a non suspensión da docencia.**
- 6. Aprobación, cambio na normativa do TFG para a súa adaptación a nova regulación das actas individualizadas para os TFG.**
- 7. Renovación dos alumnos representantes nas comisións de: TFG e das Prácticas.**
- 8. Delegación na Comisión Permanente, da resolución das peticións de matrícula na modalidade semipresencial.**
- 9. Acordo asignación equipamento para os laboratorios docentes.**
- 10. Aprobación da continuidade do plan de promoción do centro vixente no curso académico 2012-2013 e adaptación ao novo procedemento do Plan de Promoción do centro para o curso 2014-2015.**
- 11. Informe/ditame en relación cos xardíns históricos do Balneario de Mondariz (Pontevedra).**
- 12. Rogos e preguntas.**

- 1. Aprobación, da acta da sesión anterior.**

Apróbase sen ningún voto en contra.

2. Informe da Presidenta.

Desculpan a súa ausencia: María López Díaz (permiso Archivo Histórico Nacional); Fermín Pérez Losada (asuntos propios); Alberto Valín Fernández (motivos personais).

A decana comenta as seguintes cuestións:

- Chegou o informe provisional de seguimento de títulos con un non conforme. Sinalan dez días para facer as alegacións. O informe é moi amplo, polo tanto o que se fará serán unhas consideracións xénericas que poranse a disposición dos membros da xunta para seren aprobadas antes do seu envío.

- Decidiuse que en xuño e xullo o aire acondicionado este acendido de 9.0 horas ata as 18.0 horas. No mes de agosto estará apagado. Indícanos que se regulen os termóstatos entre 22ºC e 25º C, e que estean pechadas as fiestras e portas. Cando se produzan ausencias prolongadas, prégase que se deixe apagado. Julio Prada solicita que se alegue que se acenda na última semana de agosto, polo motivo de que as clases comezan o día primeiro de setembro.

- Para o profesorado do 1º curso: ca transformación a Moodle o servizo de teledocencia e concretamente Sonia Álvarez, insiste en que pode botar unha man cas dúbidas e subida de materias pero, que se lle solicite antes de setembro, xa que durante a primeira quincena estará de vacacións, prégase polo tanto que se deixe canto antes solucionado.

- En relación aos recoñecementos de créditos para o congreso Internacional sobre Educación e Socialización do Patrimonio Rural (SOPA14), que se celebrará en Celanova dende o 22 ao 27 de setembro, aprobouse a concesión de 1 créditos ECTS para todas as titulacións da Universidade de Vigo.

3. Aprobación das guías docentes das titulacións, do calendario, dos horarios docentes, así como das probas de avaliación para o curso 2014-15.

Apróbanse as guías, o calendario, os horarios e as probas de avaliación sen ningún voto en contra.

- 4. Aprobación, da data de celebración no Centro, da convocatoria extraordinaria de decembro e fin de carreira para as titulacións que se extinguen debendo decidir o Centro se suspenden ou non as clases.**

Apróbase que a data de celebración da convocatoria extraordinaria de decembro e fin de carreira para as titulacións que se extinguen, sexa en outubro no período do 13 ao 23 de outubro de 2014. Decídese tamén que non se suspendan as clases.

- 5. Aprobación dos horarios e das datas de celebración das probas de avaliación da convocatoria de fin de carreira para o grao, e acordo sobre a non suspensión da docencia.**

Apróbase as datas de celebración das probas de avaliación da convocatoria fin de carreira para o grado que será do 13 ao 23 de outubro de 2014.

- 6. Aprobación, cambio na normativa do TFG para a súa adaptación a nova regulación das actas individualizadas para os TFG.**

Julio Prada Rodríguez, coordinador do TFG, informa en detalle aos membros da xunta das modificacións ao regulamento do TFG propostas pola comisión, que veñen motivadas pola necesidade de adaptar o mesmo á nova normativa de cualificación de actas. AS propostas de modificación, que foron adxuntadas coa convocatoria da Xunta de Centro, apróbanse por asentimento dos presentes.

- 7. Renovación dos alumnos representantes nas comisións de: TFG e das Prácticas.**

Os representantes da delegación dos alumnos propoñen ao alumno Roberto Rodríguez Velázquez, como representante nas comisións de TFG e das Prácticas.

Apróbase a renovación.

- 8. Delegación na Comisión Permanente, da resolución das peticións de matrícula na modalidade semipresencial.**

Ca implantación do novo grao contéplase a matrícula semipresencial, para ter dita consideración, o alumno deberá solicitala expresamente no momento de facer a súa primeira matrícula, e deberá renovala no momento de cada nova matrícula. A concesión desta modalidade fázase atendendo a circunstancias debidamente

xustificadas de carácter: laboral, familiar, atención a persoas dependentes, deportivas de alto nivel, e necesidades educativas especiais.

Aos efectos de eficiencia, solicítase que a competencia da resolución das peticións da modalidade semipresencial, se delegue na comisión permanente.

Apróbase por unanimidade a delegación.

9. Acordo asignación equipamento para os laboratorios docentes.

Chegou ao Centro a dotación para equipamento dos laboratorios docentes deste curso, o reparto queda establecido do xeito seguinte:

Laboratorio Arqueoloxía: 2.048,40 euros

Laboratorio Historia de Arte do Cine: 2.048,40 euros

Laboratorio Prehistoria e Historia Antiga: 2.048,40 euros

10. Aprobación da continuidade do plan de promoción do centro vixente no curso académico 2012-2013 e adaptación ao novo procedemento do Plan de Promoción do centro para o curso 2014-2015.

Se propón a continuidade do plan de promoción do centro do curso 2012-2013 e a súa adaptación ao novo procedemento aprobado pola Área de Calidade da UVigo.

11. Informe/ditame en relación cos xardíns históricos do Balneario de Mondariz (Pontevedra).

A decana comeza dicindo que se presentou unha solicitude á Vicerreitoría do Campus de Ourense, por Alberte Reboreda Carreira en representación da Plataforma e Defensa dos Xardíns do Balneario de Mondariz, e que a Vicerreitoría pediulle un informe a Facultade de Historia. A decana fixo o informe e procedeu á súa lectura. Unha vez lido o informe pídelles o parecer os membros da xunta de centro.

Despois de un breve debate, decidiuse a ratificación do informe por asentimento.

12. Rogos e Preguntas.

Roberto Rodríguez Velázquez fai a seguinte consulta: No grao novo vaise impartir a materia de inglés, e pregunta si existe a posibilidade de que o alumnado do grao vello, poida matricularse nesa materia sen cambiarse ao grao novo. Nese momento se lle aclara que non, pero que de todos os xeitos quedouse en facer a consulta ao servizo de alumnado.

Unha vez feita a consulta, a xefa do servizo de alumnado contesta que para matricularse da materia de inglés, o alumnado interesado terá que cambiarse ao novo plan do grao.

Bea Vaquero Díaz, informa que ante o retraso na publicación do novo Real Decreto que regula as prácticas externas, vaise proceder a asinar novamente os convenios educativos anteriores ao mes de novembro de 2013.

E sen máis asuntos a tratar, levántase a sesión, e de todo isto dou fe como Secretaria.

A Decana

Beatriz Comendador Rey

A Secretaria

M^a del Carmen Fernández Contreras

XUNTA DE CENTRO HISTORIA

ORDINARIA

10/07/2014

BARRIOCANAL LOPEZ, YOLANDA
CASTRO PEREZ, LADISLAO
CID NARVÁEZ, DANIEL
COELLO FERNÁNDEZ, M^a DE LOS ÁNGELES
COMEDADOR REY, BEATRIZ
DOMINGUEZ PEREIRA, M^a DOLORES
DURANY CASTRILLO, MERCEDES
FERNANDEZ CONTRERAS, M^a DEL CARMEN
GÓMEZ MANSO, BELÉN
IGLESIAS GÓMEZ, MONTSERRAT
JUANA LOPEZ, JESÚS DE
LOPEZ DIAZ, MARÍA
LOPEZ LOPEZ, MARTA
MORODO DEL RÍO, JOSÉ
PEREZ LOSADA, FERMIN
PEREZ RODRIGUEZ, FRANCISCO JAVIER

ASISTENCIA	AUSENCIA XUSTIFICADA
SI	
SI	
SI	
	NO
SI	
SI	
SI	
SI	
	NO
SI	
SI	SI
SI	
	NO
	SI
SI	

PRADA RODRIGUEZ, JULIO
PRESEDO GARAZO, ANTONIO
REAL LÓPEZ, ARTURO
REBORDA MORILLO, SUSANA MARÍA
RODRÍGUEZ VELÁZQUEZ, ROBERTO
SÁNCHEZ DÍAZ, ROI
SIXIREI PAREDES, CARLOS
UÑA ALVAREZ, ELENA DE
VALIN FERÁNDEZ, ALBERTO
VAQUERO DIAZ, BEATRIZ

SI	
SI	
SI	
SI	
SI	
	NO
	NO
SI	
	SI
SI	